

	ACTA
--	-------------

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de xuño de 2021
Duración	Desde as 20:35 ata as 22:09 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON
Escusas de asistencia presentadas: 1. Ángela Valcárcel Bernárdez: «Maternidade»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Boa tarde a todos e a todas saudar tamén as persoas que nos seguen dende as súas casas a través de internet, benvidos a este primeiro pleno que presido como Alcaldesa, espero dirixir estas sesións plenarias de tal xeito que este sexa un espazo no que a veciñanza poida ver que existen discrepancias pero que se pode ter e dar un ambiente de debate dentro da cordialidade, o respecto e a boa convivencia.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación de actas das sesións anteriores.

a) Acta sesión número 2021/1, extraordinaria do 19 de febreiro de 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/1, extraordinaria do 19 de febreiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo observacións a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/1, extraordinaria de 19 de febreiro; sendo aprobada por ONCE VOTOS A FAVOR dos Sres/Sras. Concelleiros/Concelleiras Castiñeira Alén, Rodóriguez Canosa, Pereira González, González González, Ledo Souto, González Coto, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto, Pérez Domínguez e Tourón Domínguez E UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Pérez Cabaleiro

b) Acta número 2021/3, extraordinaria do 15 de abril.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/3, extraordinaria do 15 de abril, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.



Sra. Alcadesa: na páxina 6 da acta, na súa intervención pon Sra. Tourón González e é Sra. Tourón Domínguez.

VOTACIÓN: Non existindo observacións a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/1, extraordinaria de 19 de febreiro; sendo aprobada por ONCE VOTOS A FAVOR dos Sres/Sras. Concelleiros/Concelleiras Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Ledo Souto, González Coto, Rodríguez Dávila, Nuñez Troncoso, González Souto, Pérez Domínguez e Tourón Domínguez E UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Pérez Cabaleiro

c) Acta número 2021/4, extraordinaria, de 15 de abril

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/4, extraordinaria do 15 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Rodríguez Davila: Boas tarde a todos os veciños que nos están vendo en directo e tamén aos que o fagan despois da sesión plenaria e a todos os compañeiros da Corporación Municipal. En primeiro lugar quería facer unha apreciación, este grupo solicita que o titular da convocatoria onde pon motivo "solicitud" que poña "solicitud do Grupo Popular de pleno extraordinario ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local", que se lle engada a "solicitud do Grupo Popular" que foi quen solicitou ese pleno extraordinario.

Na páxina 8 onde empeza o último parágrafo di "*Din que o ORAL agora lle afecta diferir*" non é afecta é acepta, debería dicir "*Din que o ORAL agora lle acepta diferir os recibos en diferentes anos*".

Sra. Alcadesa: na páxina 10 pon Tourón González e é Tourón Domínguez.

VOTACIÓN: Non existindo observacións a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/1, extraordinaria de 19 de febreiro; sendo aprobada por ONCE VOTOS A FAVOR dos Sres/Sras. Concelleiros/Concelleiras Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Ledo Souto, González Coto, Rodríguez Dávila, Nuñez Troncoso, González Souto, Pérez Domínguez e Tourón Domínguez E UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Pérez Cabaleiro

d) Acta sesión Pleno 2021/5, ordinaria do 29 de abril.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do pleno desexa formular algunha



observación á acta da sesión nº 2021/5, ordinaria do 29 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Rodríguez Canosa: Boas tardes a todos. Na páxina 45, na segunda liña, falo de que en particular a Silvia e a María, pon a presidenta local, debería poñer a presidenta e g

VOTACIÓN: Non existindo observacións a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/5, ordinaria de 29 de abril; sendo aprobada por **UNANIMIDADE** dos/das DOCE Sres/Sras. Concelleiros/Concelleiras presentes a sesión.

Expediente 385/2019. Adxudicación do contrato de servizo para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF).

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Ledo Souto: Buenas tardes a todos y todas. Traemos la adjudicación del contrato del servicio para la prestación del servicio de axuda no fogar. Dicar que despois de meses de tramitación este proceso de licitación por fin llega a su fin, se siguieron todos los pasos indicados por la Ley, en la Comisión Informativa el Partido Popular solicitaba un informe a Secretaría, informe que ya fue sumado al expediente. Este contrato es el de más cuantía que tiene nuestro Concello en este momento, ya que casi asciende a los 3.000.000€. Veníamos de unos precios muy desfasados y la licitación del servicio se hacía imprescindible. Como ya es público, a esta licitación se presentaron ocho empresas resultando ganadora la empresa SOCISER GALICIA, la misma que venía prestando el servicio aquí en nuestro Concello hasta ahora. Con este contrato se garantiza el servicio elemental de todos los usuarios tanto presentes como y también se le da garantía y estabilidad a las trabajadoras de esta empresa, que en su mayoría son vecinas de nuestro Concello. Nos parece importante que se apruebe el contrato y así poder empezar a arrancar esta nueva etapa con el servicio con garantías y de una forma más estable.

Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos os compañeiros da Corporación e tamén aos veciños e veciñas que nos seguen de forma telemática. Este punto dous que se trae a pleno é moi importante, probablemente un dos máis importante e decisivos da área de asuntos sociais que hai deste mandato. A adxudicación do contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar tamén como coñecido como SAF ten un orzamento de case 2.000.000€ exactamente 1.964.171,76€. Como todos somos coñecedores o SAF é un servizo básico de prestación de atención a persoas valoradas como dependentes, no propio domicilio para facilitar o desenvolvemento e ofrece unha serie de atencións preventivas, educativas e tamén rehabilitadoras. Centrándonos no que é a adxudicación do contrato sinalar que este punto consta de numerosos e extensos informes dos cales este grupo vai facer unha serie de puntualizacións. En primeiro lugar os pregos do contrato non foron redactados polos traballadores e traballadoras municipais, neste caso concreto polos servizos sociais municipais, senón que se contrata a unha empresa externa para



elaboralos. É sorprendente que privaticen e externalicen a redacción dos pregos co elevadísimo custe que iso supón para o Concello en vez de confiar no excepcional traballo das empregadas municipais para levalos a cabo. Os tanto falan da defensa do público, e digo falan porque falan con palabras e non o expresan en feitos para este tipo de traballos, sempre privatizan cando son as empregadas municipais as que diariamente se encargan de atender e sobre todo, de xestionar este e moitos outros servizos.

En segundo lugar, as traballadores municipais de servizos sociais ás que non lle encargan facer o prego, si lle piden a opinión na valoración con arranxo aos criterios e a ponderación establecidos no prego, e así o destaca o informe de secretaría na súa páxina 4 no que sinala *“o contido dos sobres remitiuse as técnicas municipais de servizos sociais para a súa valoración con arranxo aos criterios e a ponderación establecidas no prego”* é dicir, non as fan partícipes de todo o que é o proxecto pero logo si lle pedides a súa opinión, tendo que ler todos os pregos dunha empresa externa, interpretalos para así poder trasladarvos a súa valoración.

En terceiro lugar na puntualización que consideramos moi importante é que na mesa de contratación non estivo ningunha persoa dos servizos municipais do Concello, nos chamou un pouco a atención que a Concelleira delegada de área non sexa parte do proceso de contratación, ou así o destaca o proxecto. Como xa recalcamos no anterior pleno, no que se trouxo a moción sobre o SAF, todos os anos este Concello renuncia a horas do servizo de axuda ao fogar. O SAF funciona a través da Lei de Dependencia, é dicir, que a Xunta destina unha serie de horas a este Concello que non se utilizan, provocando que un usuario permaneza na lista de espera ou asumindo o custe total do servizo. Esperamos que isto sexa un punto de inflexión como dixó antes Gela, de arrancar este servizo, que este Concello non siga renunciando a horas de servizo básico e sobre todo primordial para moitas familias salcedenses. Na cláusula 10 deste proxecto, en obrigas do Concello no apartado 10, fálase concretamente de: obrigacións de aboar o importe dos servizos prestados na forma establecida no prego de condicións administrativas e recalco, debería facerse en tempo e forma, non esquezamos que SOCISER, a empresa que prestou os servizos no ano 2020 estivo dende abril a decembro do 2020, no peor momento da pandemia mundial na que aínda estamos inmersos, sen cobrar polo traballo levado a cabo cando vos recibides eses diñeiro, primeiro por parte da Xunta e os usuarios tamén pagan a súa parte.

Finalmente amparándonos no informe que recibimos por parte da Secretaria Municipal que lle solicitou este grupo, dado que solo se nos aportou o informe inicial con data de outubro de 2020 e debido a que este informe foi favorable por parte da Secretaria Municipal, este grupo rigorosamente debido a que ela confirma que o proceso foi correcto vai votar a favor da adxudicación desta contratación.

Sra. Ledo Souto: En cuanto a los pliegos ya se trajeron a pleno y ya fueron debatidos y ya se dijo que por supuesto se tuvo en cuenta la opinión de las trabajadoras sociales para elaborarlo, aunque no lo elaboraran ellas porque sí es cierto que la carga de trabajo que



tienen ya es suficiente y era un contrato muy importante, la cuantía era muy importante. Las trabajadoras sociales, una de ellas estuvo en la mesa, hay un error en el acta, pero si estuvo en la mesa y participó. En cuanto a lo que dices, que no se tuvieron en cuenta para los pliegos pero después en cambio se les pide un informe, por supuesto porque su opinión y su valoración es la que teníamos que tener en cuenta no era la de políticos, ni de ninguna persona, ni yo como responsable del área, creo y entiendo que quien tenía que ver esas diferencias y quien mejor nos podía prestar el servicio, nadie mejor que las trabajadoras sociales. Y por último en cuanto al rechazo de las horas, eso es siempre lo mismo, siempre estamos con lo mismo, la Xunta paga desde el 2009 el mismo precio por hora, aquí estamos subiendo el precio de las horas a 17,37 euros, si para el Concello suponía un gasto importante asumir la diferencia que había a partir de que este contrato se lleve a cabo nos va a suponer mucho más, entonces lo único que pedimos como Concello, que si nos parece muy importante el discurso de que es muy importante el servicio del ayuda en el hogar para que nuestros mayores sigan estando en su entorno que es básico y elemental, nosotros así lo consideramos, que la Xunta tiene que darse cuenta que no puede seguir pagando al mismo precio las horas, porque no es Salceda el único concello que rechaza, la mayoría de los concellos incluso muchos del PP también lo rechazan porque es inviable. No podemos asumir algo que nos cuesta a nosotros, porque la Xunta darnos horas nos las da pero subir un euro el precio no lo subió. En el momento que la Xunta ajuste los precios, los actualice y los ponga a un precio razonable por supuesto nosotros encantadísimo de darle a cuantas más personas este servicio.

Sra. Castiñeira Alén: Boa tarde a todos e a todas e aos que nos seguen pacientemente. Hoxe traemos un punto importantísimo como o do SAF, un contrato importantísimo que ademais de ser un dos máis cuantiosos, o 15 % do orzamento municipal, sae adiante para darlle servizo a máis de 60 veciños e veciñas. Simplemente puntualizar unha serie cuestións, Ana Cristina, si que formei parte das mesas e ata a miña quenda na Alcaldía asinei o contrato, o contrato que traemos hoxe aquí para facer efectivo. Eu creo que falas dende o descoñecemento da carga de traballo que teñen os servizos sociais. Eu creo que tanto eu como os meus compañeiros e compañeiras estamos encantados de que os nosos técnicos e técnicas coñecedores da realidade do noso Concello invirtan o seu tempo en elaboración das bases, a veces é moi complexo, precisamente por esa falla de tempo, non sei si tiveches oportunidade de falar con ela, o informe que se lle pediu tardou dous meses en elaborarse, dende o 9 de marzo ata o 10 de maio, precisamente por esa carga de traballo que teñen, é máis, recorreremos a unha produtividade ben merecida para que ese informe contase coa súa opinión que é o que quere este equipo de goberno.

Dis que na mesa de contratación non había ninguén de servizos sociais, eu formei parte delas e unha das traballadores, concretamente, Pilar Soutelo, formaba parte desa mesa. Diciades na Comisión informativa que non existiu publicidade ofertantes, agora o proceso de xuntarse nunha mesa, abrir plicas, sobre e demais, xa non existe, agora hai unha plataforma que é o SILEX e a través desa plataforma se fai o proceso de mesa de contratación, totalmente transparente e a que todas as empresas poden acudir porque se convidan para elo. Creo que non vistes o expediente completo, se ben é certo que hai un



erro, pero como dixo a compañeira Gela, na acta non viste a composición das mesas e demais senón non estarías afirmando con tanta severidade o que acabas de expoñer. Eu creo que realmente o que urxe, porque seguro que estás de acordo comigo, non defenderás os intereses da Xunta se os de Salceda, é que se revise o prezo da hora do SAF, algo que vimos reclamando insistentemente sobre este servizo de atención no fogar, que non quero chamarlle axuda no fogar, ademais o colectivo de cuidadores e cuidadoras sempre me corrixe, iso é o que urxe, defender os intereses de Salceda e a economía deste Concello. Cando falamos dun orzamento de case dous millóns de euros, a Xunta leva anos e anos sen subir o seu prezo e segue estancado nos 9,70€, aí se quedou. Seguro que ti estás de acordo comigo en que isto é o que hai que reclamarlle a Xunta para os intereses de Salceda e para o intereses do orzamento municipal. Creo que hoxe é un día importante, un contrato sumamente necesario para a nosa veciñanza e que hoxe estou segura de que vai a contar coa unanimidade desta Corporación.

Sra. Cabaleiro Pérez: Recalco se externalizou e privatizou este proxecto e como dixen antes, fan porque o fan con palabras e non o expresan con feito, e porqué décimos isto? Cónstanos de primeira man que as traballadoras municipais encargadas dos servizos sociais elaboraron o prego sen embargo este deixouse no caixón. Como ben dixeches se pide a valoración pero se pide a valoración dos pregos que se externalizaron, é dicir, que non o fixeron elas, os fixo unha empresa externa, o único que pedides é a súa valoración que non é o mesmo que elaboralos, cando elas son as que realmente traballan e xestionan os servizos sociais a diario neste Concello, iso en primeiro lugar, e o que si é importante é a contía que se lle paga a unha empresa externa por facer este proxecto. En canto a custe hora son 17,99€, a Xunta de Galicia aporta máis do 50% é dicir 9,70€ e o resto o fan o Concello e os usuarios de Salceda de Caselas, o importante, como dixemos antes, é que non se renuncien a horas e sobre todo que se pague en tempo e forma á empresa, porque recalcamos, SOCISER estivo sen cobrar dende abril a decembro do 2020 cando vós si recibistes ese diñeiro por parte da Xunta de Galicia e tamén por parte dos usuarios. Está moi ben falar, defender e demais pero o que realmente hai que facer é actuar, iso si que é defender os veciños de Salceda.

Unha última puntualización, neste caso era a primeira ocasión que se podía valorar o Plan de Igualdade, sen embargo non se tivo en conta. En ningún documento, lei, decreto está regulada a porcentaxe que lle corresponde a cada organismo o prezo e a aportación que teñen que facer ao servizo de atención ao fogar.

Sra. Ledo Souto: Siempre dijimos que los pliegos técnicos, a parte de que su coste fue muy poco, se trabajó siempre con lo que ellas habían hecho, no fue empezar de cero. La parte más costosa con diferencia fue la memoria económica, no los pliegos técnicos. La cuantía del contrato y de la licitación había que garantizar que se hiciera perfectamente y por eso se hizo por expertos.

En cuanto a rechazar las horas, servicios sociales es una competencia que tiene la Xunta de Galicia, de dependencia y todo esto lo tiene la Xunta de Galicia, las horas las tiene que



pagar al precio, ni siquiera los usuarios, pienso, tenían que pagar nada. Los costes económicos creo que están más que justificados con un contrato de esta magnitud. Hay que seguir pidiéndole a la Xunta que suba el precio hora que eso ayudaría, seguro que si nos subieran el precio y lo ajustaran más a la realidad aceptaríamos horas.

Sra. Pérez Cabaleiro: Léoche, Gela, competencia municipal, Lei 13/2008 de servicios sociais, le corresponden aos Concellos a competencia para creala, xestionala e manter os servizos comunitarios básicos. Para puntualizar, dicir que se aproveitou un pouco o traballo da traballadoras dos servizos sociais cando non se empregaron os seus pregos.

Sra. Castiñeira Alén: Eu entendo que te preocupes por quen elabora as bases, quen informa, pero o debate é defender quen elabora as bases ou sacar o contrato adiante? Ana Cristina, xa che demos as explicacións pertinentes de como se elaboraron, ademais especialmente defendo todo o proceso porque formei parte del e sei ata que punto se implicaron e se pediron información a servizos sociais, parece que o pos en dúbida, fixéstelo tamén na Comisión, solicitando un informe non preceptivo e incluso insinuando que o procedemento non era o correcto, de verdade, tedes dúbidas de que algo non se fixo ben ou non se fixo o correcto? Aquí véñse a defender un dos contratos máis importantes deste Concello e creo que iso é o que temos que debater e o que temos que falar.

Sra. Alcadesa: O importante, como dicían as compañeira do equipo de goberno, o importante é o que traemos aquí hoxe, que é a adxudicación do contrato do SAF, xa se debateron noutros plenos todas as outras cousas que estamos debatendo aquí, dende a aprobación dos pregos, o custe da hora e o que aporta cada administración a ese custe e tamén o usuario/usuario do servizo, eu creo que o importante é a aprobación dun contrato que ademais supón máis do 10% dos recurso ordinarios do orzamento municipal, esa é a gran importancia do que traemos hoxe aquí, ademais que se lle dará estabilidade a un servizo totalmente necesario, indispensable para que as persoas maiores de Salceda poidan permanecer no seu entorno habitual e eu creo que é o que debemos destacar hoxe aquí.

Vou agradecer o traballo das traballadoras sociais en todo este proceso, en todo este procedemento. Dicir que fixeron un traballo excepcional, dicir que a validación duns pregos externos para min e en opinión deste equipo de goberno, garanten que se houbese feito todo o procedemento como se debe facer e co procedemento establecido, esa validación por parte de servizos sociais dálle ese valor engadido e co cal o meu agradecemento e o de todo o equipo de goberno ao traballo realizado polas traballadoras sociais deste Concello e polo departamento de servizos sociais. Paso a dar lectura a proposta, cunha rectificación o prezo das horas de contrato son 17,37€ tal como se lee na proposta, que di:

“Efectuada a licitación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e libre concorrencia no Concello de Salceda de Caselas.



Vistas as características do contrato:

Contrato do servizo de axuda no fogar

Procedemento: Aberto		Tramitación: Ordinaria		Tipo de contrato: Servizo	
Clasificación CPV: - 85300000-2 - 85312000-9. - 98513310-8		Acepta renovación: Non		Revisión de prezos / fórmula: Non	
Orzamento base de licitación: 1.888.626,69 euros		Impostos: 75.545,07euros		Total: 1.964.171,76 euros	
Valor estimado do contrato (sen IVE): 2.895.894,26 €					
Data de inicio execución: 01.07.2021		Data fin execución: 30.06.2024		Duración execución: 3 anos	
Duración máxima: 4 anos (3 + 1 de prórroga)		Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: Si	
				Garantía complementaria: Non	

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data
Proposta de contratación da Concelleira de Benestar Social	7.01.2020
Resolución núm. 2020-0131 de inicio de expediente	05.02.2020
Informe de Intervención núm. 2020-0109 dos recursos ordinarios do orzamento	21.07.2020
Informe de non división en lotes	06.08.2020
Memoria xustificativa do contrato	09.08.2020/ 19.10.2020
Prego prescricións técnicas	
Prego de cláusulas administrativas	
Informe de Secretaría núm. 2020-0034	19.10.2020
Informe de fiscalización previa núm. 2020-0169	20.10.2020
Acordo do órgano de contratación	29.10.2020
Resolución de Alcaldía 2021-0132 modificación PCAP e PPT	26.01.2021
Anuncio de licitación no DOUE	29.01.2021
Ratificación do órgano de contratación	25.02.2021
Certificado rexistro electrónico de ofertas.	02.03.2021



Acta da mesa de contratación de apertura de Sobres «A»	09.03.2021
Acta da mesa de contratación de apertura de Sobres «B»	09.03.2021
Informe técnico de valoración.	12.05.2021
Acta da mesa de contratación de apertura de Sobres «C» e proposta de adxudicación	25.05.2021
Requirimento ao licitador	28.05.2021
Presentación de documentación polo licitador	09.06.2021

Visto que a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada en data 25.05.2021, propuxo ao órgano de contratación a adxudicación do contrato, ao obter a puntuación máis alta, á proposición presentada por SOCISER GALICIA S.L.U., segundo o seguinte cadro de puntuación:

LICITADOR	SOBRE B	SOBRE C (Prezo+outros criterios)	TOTAL
ATENDO CALIDADE, S.L.	33,50	59,50	93,00
FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y PARA LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS)	34,75	58,67	93,42
IDADES S.L	30,85	60	90,85
OHL SERVICIOS INGESAN S.A	32,50	59,67	92,17
PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005, SL	33,75	58,78	92,53
SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A.	38,50	58,13	96,63
SERVICIOS SOCIAIS ULLA-SAR, SL	33,11	58,11	89,36
SOCISER GALICIA, S.L.U.	37,50	59,90	97,40

Vista que a oferta presentada por SOCISER GALICIA S.L.U. foi a seguinte:

1.- Criterio prezo.

LICITADOR	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
SOCISER GALICIA S.L.U.	16,7 €/h	0,67€	17,37€/h



2.- Outros criterios cuantificables por aplicación de fórmulas.

LICITADOR	Bolsa de horas. Horas anuais (máx 10 puntos)	Podoloxía. Horas anuais (máx 5 puntos)	Fisioterapia. Horas anuais (máx 5 puntos)	Perruquería. Horas anuais (máx 5 puntos)
SOCISER GALICIA, S.L.U.	600	156	104	150

Considerando que ao abeiro da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, correspóndenlle ao Pleno a competencia como órgano de contratación por tratarse dun contrato cun importe que supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento segundo o informe de Intervención núm. 2020-0109.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de servizo para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a SOCISER GALICIA S.L.U. con CIF núm. B94051349 polo seguinte prezo:

PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
16,7 €/h	0,67€	17,37€/h

Coas seguintes melloras:

Bolsa de horas. Horas anuais (máx 10 puntos)	Podoloxía. Horas anuais (máx 5 puntos)	Fisioterapia. Horas anuais (máx 5 puntos)	Perruquería. Horas anuais (máx 5 puntos)
600	156	104	150

SEGUNDO. Dispoñer e aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 para o para o exercicio 2021 t

TERCEIRO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

CUARTO. Designar como responsable do contrato a Ángela Ledo Souto (Concelleira de Benestar Social).



QUINTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

SEXTO. Notificar a SOCISER GALICIA S.L.U., adxudicatario do contrato, o presente acordo e informarlle que a sinatura do contrato efectuarase de forma electrónica.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OITAVO. Publicar anuncio de formalización do contrato no «Diario Oficial da Unión Europea» como moi tarde 10 días despois da formalización do contrato.

NOVENO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada unanimidade de votos a favor, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de servizo para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a SOCISER GALICIA S.L.U. con CIF núm. B94051349 polo seguinte prezo:

PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
16,7 €/h	0,67€	17,37€/h

Coas seguintes melloras:

Bolsa de horas. Horas anuais (máx 10 puntos)	Podoloxía. Horas anuais (máx 5 puntos)	Fisioterapia. Horas anuais (máx 5 puntos)	Perruquería. Horas anuais (máx 5 puntos)
600	156	104	150

SEGUNDO. Dispoñer e aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231.22799 para o para o exercicio 2021 t

TERCEIRO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

CUARTO. Designar como responsable do contrato a Ángela Ledo Souto (Concelleira de Benestar Social).



QUINTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

SEXTO. Notificar a SOCISER GALICIA S.L.U., adxudicatario do contrato, o presente acordo e informarlle que a sinatura do contrato efectuarase de forma electrónica.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OITAVO. Publicar anuncio de formalización do contrato no «Diario Oficial da Unión Europea» como moi tarde 10 días despois da formalización do contrato.

NOVENO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Expediente 661/2021. Convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcadesa: Dicir que traemos hoxe ao pleno, unha vez que a Deputación de Pontevedra destinou o 1% do seu orzamento provincial a estas axudas, traemos aquí a aprobación da bases para poder repartir a subvención de 26.714,95€ que lle corresponde a Salceda de Caselas dese 1% do orzamento da Deputación dentro da liña 2 do Plan Concellos. Serán beneficiarias as persoas autónomas e microempresas ou pequenas empresas que estivesen pechadas ou que tivesen unha baixa de facturación superior ao 30%. Outra das condicións é que teñan a actividade en Salceda, independentemente do domicilio fiscal que teña esa persoa autónoma ou esa microempresa ou pequena empresa. A destacar que se exige este requisito, o de estar ao corrente nas obrigas tributarias, seguridade social igual coa administración autonómico ou co Concello, este requisito sempre era indispensable en todas as subvención, non só do Concello senón de todas as administracións, pero neste caso a Xunta de Galicia amparou que nesta situación que estamos vivindo de pandemia sanitaria se poida deixar de esixir como requisito.

A contía establecida nestas bases é a de 500€. A persoa solicitante será autónomo, microempresa ou pequena empresa, falamos de empresas como todos sabedes de ata dez persoas traballadoras. O prazo para as solicitudes será de quince días naturais dende a publicación no Boletín oficial da provincia e a convocatoria será pública seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva.



Sabemos que pode haber moitos xeitos de establecer estas subvencións, o que tratamos dende o equipo de goberno é que poder facer canto antes o reparto desa cantidade que nos adxudica de Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos. O que tamén queremos e eliminar esa parte burocrática á que estamos sometendo todas as administración a un dos sectores máis afectados desta pandemia, que o sector do pequeno comercio e sobre todo da hostalería. En Salceda tivemos a sorte de que fomos capaces de ir mantendo o comercio e a hostalería aberta case todo o tempo, salvo os meses de confinamento polo estado de alarma e salvo un mes este ano 2021. Esperamos e desexamos que isto continúe así e espero ter o apoio para aprobar estas bases de axuda aos sectores máis afectados da pandemia.

Sr. Rodríguez Davila: Como di o refrán máis vale tarde que nunca. A verdade é que nos alegamos de que por fin o goberno traída algo positivo para o sector afectado pola pandemia, é certo que outras administración xa van polo terceiro plan e aquí estamos aínda aprobando o primeiro plan de axuda que o goberno da a través da subvención da Deputación lle concede aos Concellos. Menos mal que vostedes din ser rápidos, áxiles e que traballan 24 hora ao día. Catro meses e medio despois de vostedes ter a notificación da concesión de eses 26.000€ por parte da Deputación o traen a pleno para incorporar e para aprobar o orzamento municipal e aprobar a liña de subvencións para que poidan optar as diferentes microempresas e hostaleiros de Salceda. Catro meses e medio despois de ter vostedes a notificación. Eu entendo que estes meses vostedes estiveron moi ocupadas con outros menesteres importantes para vostedes no político pero non importante para os veciños que sufriron e desgraciadamente seguen a sufrir esta situación de paro económico e tamén de traballo. Nós xa por abril do ano pasado, fai un ano e dous meses, lle plantexamos ao goberno un plan de choque para as familias e negocios de Salceda, vostedes fixeron caso omiso a ese plantexamento deste grupo maioritario da Corporación e nada ou case nada do que nos plantexamos por aquel entón vostedes fixeron caso a esas propostas en positivo, onde lle plantexabamos unha serie de medidas a levar a cabo a medio e curto prazo. Como digo, un ano e dous meses despois o goberno municipal de Salceda nada fixo para axudar a hostalería, para axudar ás empresas, aos negocios e autónomos do noso Concello. Recordo que presentamos unha proposta de exención das taxas en terrazas, presentamos unha exención da taxa de lixo e vado durando o estado de alarma, presentamos a devolución da parte proporcional das taxas que estaban vencidas a actividades económicas que debido ao estado de alarma non se tiñan realizado, como apertura de furanchos. Lle solicitabamos ao goberno de Salceda, un plan propio de subvencións e bonificacións para os negocios e autónomos máis afectados e que como digo nada de nada ata o día de hoxe que traen a este pleno a aprobación de axuda de 26.000€ para repartir por contía igualitaria de 500 € para cada un dos solicitantes. Pedíamos tamén para as familias a exención de taxas de vados durante o estado de alarma, unha moratoria ata o final de ano de taxas, de tributos; respaldamos a medida tomada polo Consorcio de Augas do Louro sobre o aprazamento de tributos en período voluntario de pago e tamén pedíamos un plan propio para as familias máis afectadas e vulnerables polo impacto da COVID. Tamén propuxemos que os Concelleiros



nos rebaixamos, por aquel entón, un 30%, que este grupo municipal levou a cabo doando unha cantidade importante nas datas de nadal ao banco de alimentos deste Concello e polo tanto cumprimos, unha vez máis, a palabra dada aos nosos veciños e aos nosos concidadáns.

Mentres outras administración levan e van xa polo terceiro plan de rescate á hostalería en Salceda traemos a data 24 de xuño do ano 021, é dicir, un ano e dous meses despois, o primeiro plan de axudas directas a ese sector. Quero recordar que neste caso a Xunta de Galicia aportou, xa a través do primeiro plan e do segundo plan de rescate, como digo estamos xa polo terceiro nas solicitudes, 133.000€ a un total de 56 axudas concedidas a diferentes empresas, autónomos e comercios do sector do noso Concello, máis 1.400.000€ na Comarca na área metropolitana, e máis de 140.000.000€ a nivel autonómico. Seguro que non é suficiente, seguro que se pode facer máis, pero o que non se pode negar é a rapidez, a máxima rapidez co que se puido levar a cabo este plan de axudas que tanto e ben agradeceron moitos dos afectados.

A min persoalmente, como portavoz deste grupo, me entristece que como administración pública máis próxima aos afectados non fosen quen de facelo máis rápido e sobre todo cun plan propio, porque como se nos recoñeceu na Comisión, o Concello de fondos propios non aporta nin un só euro a este plan, nin se sumou ao plan da Xunta de Galicia, nin tampouco vai ter un plan propio con fondos propios para este sector.

Sra. Castiñeira Alén: Só quería formularlle unha pregunta ao portavoz do Partido Popular de Salceda, quen ten as competencias en comercio? Mesmo así voulle a dicir o que fixo o Concello, que oxalá puidese facer moito máis, oxalá, nunca é suficiente. Tamén é certo que hai que ser realistas e durante moitos meses Salceda viviu unha situación de privilexio, e non é que o diga eu nin que o digan estes concelleiro e concelleiras, e que os propios comercios e os propios hostaleiros e hostaleiras, ademais de ACISA o dicían. Houbo meses, porque os datos da COVID nolo permitiron, que había moitísimos Concellos de arredores que estaban pechados perimetralmente e nós tiñamos a sorte de ter a hostalería aberta e vós sabedes perfectamente iso e senón só tedes que preguntalo que moitos negocios funcionaron máis que nunca. Iso é así, hai que dar datos reais, non ser catastrofista sempre porque cando se aportan datos ou cando se falan de que as cousas non foron ben hai que dicir cantos locais pecharon, cantos abriron, que xente se viu prexudicada, hai que aportar datos e non titulares grandilocuentes como plan do choque do Partido Popular de Salceda de Caselas. Ese plan de choque que ademais debatemos nun pleno, precisamente en plena pandemia COVID, falamos del, falamos moitísimas veces del, vostedes queren un plan específico cuantificado, eu voulle a cuantificar doutra maneira: campañas, celebráronse ciclos culturais, o nadal, noites na rúa, precisamente pola situación sanitaria que nolo permitiu cando outros Concellos non podían facer absolutamente nada, iso chamase dinamizar e iso supón un gasto para as arcas do Concello, ademais de que estamos encantados de que foran un éxito, de que axudaran a dinamizaran ese comercio. Voulle dicir outra aportación do Concello, suspensión e eliminación de taxas, falamos da venda ambulante, falamos de terrazas, dende o primeiro momento, si non me equivoco do Baixo



Miño e da Paradanta fomos dos primeiros en tomar esas medidas, que non é para poñerse medallas, simplemente é para recordar e contextualizar. Falamos ademais de subvencións nominativas, non sei se lembran vostedes que este ano por primeira vez nos orzamentos do 2021, se inclúe unha subvención a ACISA, precisamente unha asociación que ten unha memoria de actividades e realiza unha función moi importante dinamizadora no noso Concello. Tamén aprazamento dos recibos do Consorcio do Louro e se crearon moitísimos outros servizos en plena pandemia, coo un gabinete de psicoloxía que tamén todo o equipo de goberno está orgulloso de haber creado ese servizo en plena pandemia, outros Concellos non o tiñan. Hai quen fai apostas concretas, ós temos outra forma de apostar nesta ocasión a Deputación destina un diñeiro que nós tratamos de xestionar de mellor forma, seguramente que non perfecta pero da mellor forma.

En todo caso este Concello demostrou que estaba co tecido, co comercio e coa hostalería e precisamente, polo que dicía antes, os datos nos axudaron cun traballo ben feito gracias á sociedade de Salceda que nos permitiu vivir unha situación pois non tan mala, non digo perfecta, pero non tan mala e creo que hai que ser realistas cos datos e coas cousas e non soltar titulares grandilocuentes “plan de choque, non fixestes nada”, así non é.

Sra. Alcaldesa: Creo que o comentou a compañeira Loli Castiñeira na súa intervención. Este equipo de goberno, eu como Concelleira de Comercio, pero todo o equipo, apostamos dende un primeiro momento por apoiar a hostalería dende a rúa, a pe de calle, tanto a hostalería como o comercio de Salceda tivo o apoio deste equipo de goberno e deste Concello dende un primeiro momento. Hai administracións que optan polo reparto directo e polas cantidades as persoas autónomas e as microempresas e este equipo decidiu apostar por axudar, dinamizar e botarlle unha man no día a día. Eu creo que se falas coa maior parte do comercio e da hostalería saberás que o que digo é totalmente certo, que estivemos en todo momento ao seu carón, que nunca lle faltou apoio do Concello para ningunha das iniciativas que tiveron e as que dende este Concello puxemos en marcha. Dende logo nós imos a facer o reparto desta cantidade que nos asigna a Deputación pero aí non vai quedar a nosa axuda ao comercio nin a hostalería. Nós imos a poñer en marcha, e de feito xa están establecidas, moitas actividades para axudar a rexurdir a hostalería e o comercio local. Ao final Salceda necesita a dinamización no día a día e necesita que teñamos xente na rúa na medida do posible, no que nolo permita a pandemia, para que o comercio teña actividade. Imos a seguir nesa liña e agora toca a época de rexurdir, a época de axudar a saír desta pandemia que esperamos e desexamos que esteamos na recta final e oxalá así sexa. Toca votar unha man no día a día, e iso é o que fixemos ata agora e o que vamos a seguir facendo.

Falaba o compañeiro do Partido Popular de que hai outras administracións que van pola terceira liña, si, e hai que recordar tamén que a Xunta de Galicia recibiu cantidades importantes do Goberno central para que puidera poñer en marcha esas liñas e poder facer o reparto entre a hostalería e o comercio e as microempresas. Lle lembro tamén que é competencia da Xunta de Galicia e si falamos desas tres liñas pode dicirlle que a primeira liña foi algo máis cuantiosa que a estamos aprobando aquí hoxe, é unha administración



autonómica, falamos dunha axuda lineal de 1.200 e 2000 € para unha administración autonómica nunha primeira liña. Na liña 2 hai que lembrar tamén que pedían un mínimo dunha baixada da facturación do 45%, cando nas nosas bases estamos poñendo que *“para aquelas persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas que teñan unha baixada de facturas superior ao 30%”*, ampliando as posibles persoas ou empresas beneficiarias. Se falamos da liña tres tamén que é para aquelas empresas, solo aquelas que acrediten débedas. Eu creo que cando se da a información hai que dala completa. Parabéns por suposto á administración autonómica por poder dar esas axudas, parabéns tamén ao goberno central por axudar, parabéns a Deputación por poñer este 1% a disposición dos sectores económicos máis afectados e eu creo que todas as administracións debemos colaborar conxuntamente cos sectores máis afectados e dende logo o vai a ser na miña liña, estar coas persoas autónomas e coas pequenas empresas no día a día, realización de actividades dende as distintas concellerías e apoio ás actividades que partan tanto da hostalería coma do comercio, porque entendemos que é a maneira de axudar a rexurdir estes sectores tan afectados pola pandemia.

Sr. Rodríguez Davila: Está ben que agora o goberno pregunte á oposición. Si a competencia, como di vostede, en comercio é da Xunta de Galicia, para que temos unha Concelleira delegada en comercio? Para que a temos, si a competencia é doutra administración segundo vostedes, para rechea o curriculum, para dicir que temos moitas áreas que somos eficientísimos, etc... Está moi ben todo o que acaban de dicir, algunha das cousas que dixeron nós as compartimos e nos sumamos, pero a realidade é a que é, e a realidade é que xa hai moitos hostaleiros e empresas, autónomos que levan xa meses que recibiron axudas pois desgraciadamente por parte do goberno de Salceda houbo cero, directamente cero. Por un lado din que outras administracións optan por outro modelo de subvención directa, como criticando, sen embargo hoxe aquí estamos aprobando unha base para axuda directa á hostalería e ao comercio, acaba de dicir a Sra. Alcadesa. Moi ben, claro, dicir que a Xunta recibe cartos doutras administracións pero resulta que votamos en contra de pedirlle ao Estado o IVE e logo os tribunais nos dan a razón. Pedimos unha cousa pero votamos a contraria.

Está moi ben, Sra. Dolores Castiñeira, darlle axuda a ACISA, por iso este grupo durante anos, anos e anos nas alegacións ao orzamento puñamos unha partida concreta, entre outras asociacións, para ACISA, pero vostede como membro do goberno votaba en contra, vostede votaba en contra de esas axudas a ACISA e agora se enorgullécese de que por primeira vez, bendito sexa o día que nos alegamos, pero vostede sistematicamente xunto cos demais, incluso membros do Partido Socialista nalgúns anos no goberno, votaban en contra da axuda a ACISA.

Falan vostedes de rebaixas en diferentes taxas e recibos, por suposto como a do Consorcio, claro por iso Mos tomou a iniciativa e logo vostedes se sumaron, perfecto, nos alegamos, ata se enfadaron que tomaran a iniciativa. Está moi ben a redución das taxas pero claro que nós plantexamos un plan propio e vostedes non o fixeron, ou é que outros anos vostedes ou os gobernos diferentes non fixeron actividades en diferentes épocas do



ano, non había actividades no verán antes da COVID? Non había actividades no nadal antes da COVID? Non había actos para dinamizar as rúas e ter a xente na rúa antes da COVID? Por suposto, pero entón ese diñeiro que por sorte se aforrou ás arcas municipais por non poder celebrar tristemente actos culturais e festexo, todo ese diñeiro que aforrou o Concello, que é certo que tamén se gastou unha parte noutros servizos para atender a COVID, e que non se puideron destinar fondos propios a ningún plan? Vostedes non puideron poñer x euros no plan da Xunta, como fixeron outras administracións? Vostedes non se sumaron a ningún plan e non puxeron nin un só euro de fondos propios para axuda directa para persoas, empresas, autónomos e microempresas afectadas por esta situación e por sorte tamén nos sumamos as felicitacións de que entre todos fomos capaces de levalo o mellor posible en Salceda, pero iso non significa que a facturación ou consumo se reducira drasticamente, hai que falar con eles para saber o que din e o que opinan, polo tanto creo que está moi ben aquí dicir o que se di pero a realidade é que sufriron e seguen a sufrir a baixa do consumo e polo tanto toda axuda é pouca. Nós imos a votar a favor a pesar de que desgraciadamente chegan tarde vostedes en axudas directas ao noso sector da hostalería e comercio.

Sra. Castiñeira Alén: Formamos parte do Consorcio os catro Concellos máis Augas de Galicia, polo tanto tomas decisións, Santi. ACISA, votamos en contra dunha subvención, dígame vostede en que acta aparece recollido ese voto en contra dunha subvención a ACISA, tal vez vostede descoñeza ou non se acorde que o Concello tiña un plan de axuste que non permitía crear máis subvención nominativas, é así. De porqué temos Concelleira de Comercio? Me recorda a unhas declaracións súas que lle escoitei unha vez de porqué temos Concelleira de Turismo, cando eu ostentaba turismo, si non tiñamos praia. Hai que querer un pouquiño máis a Salceda, non temos praia pero temos outras moitas cousas que amosar, recórdame a iso, non temos competencias en comercio entón para que temos Concelleira de Comercio, fíxome gracia, hai que querer máis a Salceda.

Sra. Alcaldesa: Eu como concelleira de Comercio dicir que creo que a hostalería e o pequeno comercio e as empresas de Salceda, todo o sector económico sabe para que temos unha Concelleira de Comercio, saben que estiveron a pe de rúa con eles dende o principio da pandemia, antes e seguiremos estando porque creo que agora é o momento de apostar fortemente para que os sectores económicos máis afectados saían deste pandemia. A concelleira de Comercio estivo con eles, a concelleira de Comercio os apoiounos nas actividades que se puxeron en marcha, se porán novas actividades con fondos propios para axudar neste momento. Volvo a repetir, as axudas directas é unha das fórmulas, o que a dinamización e fondos propios investidos no día a día no Concello de Salceda na hostalería e no comercio é outra forma e este equipo de goberno vai a optar por esa forma como fixemos sempre e como vamos a seguir facendo.

Paso a dar lectura da proposta seguinte:

“A situación xerada pola evolución da COVID-19 obrigou ás autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade, e estas medidas trouxeron consigo a maior crise económica coñecida. Ante esta situación, as



diferentes administracións puxeron en marcha mecanismos para paliar as múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos diversos sectores afectados.

A normativa aprobada durante este último ano, coas limitacións de entrada e saída de persoas, xunto ás diferentes limitacións horarias e de aforos da actividade no sector da hostalería incidiron, directamente e de xeito moi prexudicial, en materia socioeconómica e no emprego, especialmente, do sector comercial e hostaleiro do municipio.

A realidade socioeconómica pon de relevo que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posible senón tamén deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas creadas poidan sobrevivir. Estas empresas son vitais para unha recuperación do emprego e esta debe ser unha prioridade fundamental.

Sobre a base destes antecedentes, dende o concello de Salceda de Caselas, elaboráronse as bases reguladoras destas axudas como medida urxente, puntual e extraordinaria para paliar, na medida do posible, as afeccións económicas que, con motivo da pandemia do COVID-19, soporta o sector empresarial no municipio (sempre que sexan PEMES con ata 10 persoas empregadas e persoas autónomas) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación poidan sufragar os gastos fixos realizados ou devengados entre o 14 de marzo de 2020 e o momento de presentación da solicitude.

Así mesmo, dende a Deputación de Pontevedra, coa finalidade de habilitar liñas municipais de axudas finalistas aos sectores que non poden normalizar a súa actividade polos peches totais ou parciais aos que se ven sometidos como consecuencia dos recentes rebrotes epidémicos, acordou, en base a modificación das Bases do PLAN CONCELLOS 2021, polo correspondente ao 1% do orzamento provincial, de acordo aos criterios obxectivos de repartimento establecidos na disposición adicional aprobada polo Pleno, incrementar a partida orzamentaria municipal ao Concello de Salceda de Caselas na cantidade adicional 26.714,95 euros na liña 2 do Plan Concellos e que se repartirá de acordo con estas bases.

Coa aprobación desta normativa dotarase de transparencia e seguridade xurídica a todo o procedemento de concesión e reparto da cantidade anteriormente exposta, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencionable.

Visto o informe da Directora Xeral de Administración Local de data 07.06.2021 relativo á competencia municipal para o outorgamento destas axudas, que sinala que: “non é preciso ningún dos informes establecidos no artigo 3.4 da dita lei, é dicir, os referidos á duplicidade e sostibilidade financeira, sempre e cando as axudas estean motivadas e vinculadas cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus.”

Vistas as bases reguladoras da concesión de subvencións dirixidas a axudar aos sectores da



hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19 elaboradas polo departamento de comercio e emprego.

Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0017 e o informe de Intervención núm. 2021-0095.

De conformidade co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia non competitiva dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19, co texto que figura nas bases anexas á presente proposta de Resolución.*

SEGUNDO. *Aprobar o gasto de 26.714,95 euros, á que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 433/479.*

TERCEIRO. *Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto."*

VOTACIÓN: **Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada unanimidade de votos a favor, adoptándose o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia non competitiva dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19, co texto que figura nas bases anexas á presente proposta de Resolución.

SEGUNDO. Aprobar o gasto de 26.714,95 euros, á que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 433/479.

TERCEIRO. Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Expediente 1356/2021. Aprobación do proxecto de obras denominado "Proxecto de reforma e acondicionamento de vestiarios nas piscinas municipais. Fase 2"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Boas tardes a todos e todas os membros da Corporación e tamén aos veciños e veciñas que nos seguen a través da transmisión telemática. O pasado 26 de abril levamos a pleno un proxecto ambicioso para a piscina municipal no que aprobamos a primeira fase que consistía na reforma dos vasos e na praia da piscina, esta xa foi incluída no Plan Concellos 2021 para a súa execución e desenrolo. Hoxe o que buscamos aquí e o proxecto de reforma e acondicionamento dos vestiarios das piscinas municipais, é unha obra de reforma integral da edificación existente, buscando a maior amplitude e calidade espacial. Contempla a substitución completa das instalacións de fontanería, saneamento, electricidade e iluminación. No tocante á fontanería inclúe a produción de auga quente sanitaria con apoio solar, buscando enerxías así renovables e sumado tamén a bomba de calor aerotérmica. Ao ter unha escasa altura, a actual instalación dos vestiarios, 2,16 m completase a demolición horizontal do teito destas edificacións e das divisións dos vestiarios para así executar unha nova cuberta máis lixeira, que cubrirá tamén o corredor exterior que da acceso ás dependencias e dotará dunha calidade superior á actual. Esta mesma proporcionará un novo sistema de iluminación natural mediante a disposición de amplos ventanais acristalados instalados na fachada nordés que permitirán tamén unha correcta iluminación natural e que estará apoiada por unha instalación de ventilación mecánica. Mantense a enfermería no local que ocupa actualmente e modifícase a distribución interior do vestiario, dispoñendo en ambos unhas cabinas que permitan uso de menores acompañados polos seus responsables independentemente do xénero destes últimos. Así mesma créase un aseo vestiario completamente adaptado para persoas con mobilidade reducida e amplíase a edificación no seu testeiro sureste coa construción dun almacén para recoller, gardar todo o que nos fai falta, sexa para cursos, monitores, socorristas, etc... Os informes son favorables e o orzamento base de licitación ascende a cantidade de 135.177,81 € IVE do 21% incluído, que ascende este IVE a 3.460,61€ e o presuposto en IVE son 11.717,20€.

Sr. González Souto: Boas noites a todos. Xa anuncio que estamos de acordo do proxecto en si. Estiven revisando o proxecto tanto a fase II da piscina e tamén o que se aprobou anteriormente como fase I e atopo que falta algo moi importante nesas proxectos que vostedes non contemplan en ningunha das fases, que se vai a facer coas ras? Esas ras que amenizan as noites e os soños dos veciños do redor, vostedes tómano a coña pero é que cando vostedes empecen a facer as obras algunha destas ras xa estarán empadroadas na rúa Gándara e que xa son varias xeracións de ras ou terán sorte se medio ambiente ou Seprona non lles esixe un estudio de impacto ambiental dado o ecosistema que alí se creou. Non entendo como se poden ter unhas instalacións tan abandonadas, a ran entrou en setembro do 2019 e vostedes van a desaloxalas en abril do 22, tres anos levamos coas ras alí. Comunicado conxunto con outros Concellos que non abren pola pandemia, as piscinas municipais, e os que abren? A cidade dos nenos, falamos moito, Francesco Tonucci, baby boom, a maior media de natalidade, a media de idade máis baixa xunto con Concellos como Ames, en Galicia, cidade dos nenos sen piscina no verán, porqué? Porque non se fixeron os traballos a tempo, como outras cousas, como foi o PACES que tivemos que aprobalo no último día a presa e correndo, a obra da praza da abastos practicamente sen prazo para o contratista despois de oito meses coa subvención aprobada, e así vamos,



improvisando, sen planificación, ata que pasa o que pasa, os nenos sen a posibilidade sen desfrutar dunhas piscinas este ano. Pandemia, escusa barata, para que se lles suba os impostos á xente non temos en conta que estamos en pandemia pero para reducir o servizo, por exemplo a piscina municipal, si estamos en pandemia. Hai que gardar as medidas COVID pero aínda así non entendo como outros Concellos si abren.

Alguén dixo aquí neste pleno, “os impostos son para dar servizos a veciñanza” “necesitamos recaudar impostos para dar servizos a veciñanza” pois mire, estamos no momento adecuado, o sablazo máis grande aos petos dos salcedenses, os orzamentos máis grandes de toda a historia de Salceda e cerramos a piscina, con todos os nenos sen deixarlle unha opción de desfrute. Vostedes pensaron na economía que crea a piscina ao seu entorno? Digo eu nesas locais onde o neno compra o xeadado, a coca-cola, ese gasto que se fai realmente potencia esa zona do parque da Gándara. Se tomou esa decisión porque seguramente é moi complicado por persoal para que se cumpran as medidas COVID, entón non facemos o esforzo, non é interesante, esa é a forma de axudar a hostalería? Sabe que pasa, ese gasto vaise facer noutro Concello que si teña as instalacións abertas, vai pasar e o peor de todo, o que se poida desprazar á praia ou a outros concellos pero os que non teñan medios, van para o Caselas, que leva pouca auga?

Sr. González Coto: Precisamente o proxecto ambicioso de reformar a piscina e para poder finalizar o parque da Gándara e darlle máis futuro económico a toda aquela zona. Estamos iniciando a primeira fase, agora levamos a aprobación da segunda e o que se quere conseguir é que aquilo sexa un espazo en que todo o entorno se vea favorecido. En canto ao comunicado e a decisión, dicirche que as medidas impostas polo Ministerio de Sanidade e pola Xunta de Galicia en base ás restricións que nos colocaron, como a apertura de control de aforo, mantendo a distancia de seguridade, quendas e reservas con cita previa, limpeza e desinfección despois da cada uso, o cal conlevaria que esas tarefas fosen no mesmo servizo e incluso no momento de lecer terían que saír para fora. Todo iso e por responsabilidade sanitaria, tómase esa decisión, desexando que todo isto da evolución que temos da COVID que dentro de pouco tempo poidamos ir sen restricións. O que fagan outros Concellos non sei como cumpriran todas as normas, a min non atinxe e menos ao equipo de goberno.

Sra. González Souto: Non quero por na vosa boca que os que están abrindo as piscinas son uns irresponsables, porque os que abren esas instalacións, sobre todo para que os nenos desfruten delas, preocúpense de facer as cousas ben, é dicir, tomar esa serie de medidas e tomar o protocolo COVID, Mos si, en Portugal hai piscinas cubertas funcionando que son espazos cerrados, eu entendo que poida dar choio pero ao final é un servizo lúdico. Volvo a incidir, falamos tanto de que Salceda o baby boom e deixámolo sen unha das actividades básicas neste caso para o verán. Eu creo que se equivocan, volvo a dicir, a ran entrou en setembro de 19 e alí segue, quitaron a herba un pouquiño máis pero alí segue. Se non tiveron todo este tempo para facer algún acondicionamento, o ano pasado estiveron pechadas, pero deixamos pasar o 2021 que é cando máis falta lle fai aos rapaces despois de ter todas esas restricións nas aulas de poderse esparcir, con control iso si, pero o



Concello non lle axuda nada, e por último volvo a incidir, a piscina xera unha economía circular, eu vivín durante varios anos fronte do parque da Gándara e o bullicio que se vivía alí, gominolas, coca-colas, aqueles bares traballaban con esa xente, este ano non.

Sra. Alcaldesa: Esperaba que cando botabas algo en falta pensei que sería algo da Fase III da zona de máquinas, a verdade agradezo a túa exposición distendida pero a eu pensei que viñas botando en falta a fase III que traeremos tamén a aprobación plenaria en canto teñamos o proxecto rematado.

Dicir que a normalidade, desgraciadamente nesta pandemia, non pode ser completa neste verán e proba a tes na publicación que acaba de facer a Xunta de Galicia de que avanza na toma de medidas sanitarias e de diminución de aforos e apertura dunhas actividades en case todos os eidos e en cambio nos aforos das piscinas seguimos mantendo a do ano pasado, co cal eu entendo que a Xunta igual que nós, ten en mente que non é un sector, unha actividade que debería abrir tan a lixeira nin ter a responsabilidade sanitaria da que comentaba o compañeiro de deportes Ruben. Eu creo que si a Xunta abrise e tivese ese avance como está tendo noutros sectores como o da hostalería e outros como na apertura de aforos, na relaxación de medidas sanitarias quizais os Concellos poderíamos asumir esa apertura de forma eficiente. Creo que non podemos e creo que por encima de todo ten que primar a responsabilidade sanitaria e ten que primar o coidado das persoas.

Sra. Castiñeira Alén: Dicirche Tivo que estiveches moi enxeñoso co das ras. Precisamente porque os nenos e as nenas de Salceda nos preocupan traemos a este pleno un proxecto que creo que é sumamente ambicioso, de feito é tan ambicioso que houbo que separalo en tres fases porque é imposible asumilo economicamente de golpe. Creo que este proxecto o que fai é mellorar unhas instalacións municipais e unhas piscinas para eses nenos e nenas e si non van poder desfrutar das piscinas este ano pero máis tarde que cedo e ademais acaba de anunciálo Carmela Silva en rolda de prensa, a aprobación da primeira fase creo que eran en torno a 241.000€, mañá realizase esa Xunta na que se aprobaran diferentes proxectos da provincia entre eles o proxecto da fase I de mellora das piscinas municipais no noso Concello. Eu creo que iso é o que importa, se ben é certo que causamos sacrificio este ano, comezaremos agora o proceso de licitación e posteriormente o de contratación para que teñan unhas instalacións de primeira, ademais preparadas para o futuro por si temos a mala sorte de que esta situación volva a acontecer, estar preparados para elo.

Sra. Alcaldesa: Recordar simplemente que ese proxecto completo, as tres fases da que nos quedaría aprobar a terceira, ronda os 350.000€, que como dicía antes a compañeira Loli Castiñeira, é un proxecto ambicioso que oxalá tivéssemos a financiación para levalo a cabo e oxalá tivéssemos esa financiación moito antes. Temos que ir repartíndoa en fases, a primeira se quitará a licitación no menor tempo posible. Volvemos a insistir, o importante hoxe é o que traemos aquí un proxecto para rehabilitar a piscina que leva moitísimo tempo en Salceda e que necesitaba unha rehabilitación integral, oxalá e tocaremos todas as portas de todas as administracións posibles e tiraremos dos fondos propios que



poidamos para intentar levar canto antes esas tres fases. Empezaremos polas dos vasos e esperemos que o ano que ven os nenos e nenas teñan o disfrute da piscina. Insisto, non só é cuestión de obras, é cuestión de responsabilidade sanitaria e de responsabilidade de coidar, que é a responsabilidade que ten este Goberno municipal, de coidar das persoas, dos veciños, dos nenos e das nenas de Salceda. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Proxecto de reforma e acondicionamento de vestiarios nas piscinas municipais. Fase 2” redactado polos arquitectos Miguel Ángel Rodríguez Varela e Rocío Bernárdez Fernández, asinado en maio de 2021, cun orzamento base de licitación de 135.177,81€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 23.460,61€ e o presuposto sen IVE a 111.717,20€.

Visto o informe técnico num. 2021-0130 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto de reforma e acondicionamento de vestiarios nas piscinas municipais. Fase 2” redactado polos arquitectos Miguel Ángel Rodríguez Varela e Rocío Bernárdez Fernández, asinado en maio de 2021, cun orzamento base de licitación de 135.177,81€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 23.460,61€ e o presuposto sen IVE a 111.717,20€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada unanimidade de votos a favor, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto de reforma e



acondicionamento de vestiarios nas piscinas municipais. Fase 2” redactado polos arquitectos Miguel Ángel Rodríguez Varela e Rocío Bernárdez Fernández, asinado en maio de 2021, cun orzamento base de licitación de 135.177,81€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 23.460,61€ e o presuposto sen IVE a 111.717,20€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 1354/2021. Declaración de especial interese ou utilidade municipal. Melloras no abastecemento de auga no barrio “Rega da Lama” en San Esteban de Budiño

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González González: Boas tardes aos compañeiros da Corporación e aos veciños que nos seguen a estas horas. Como acaba de dicir a Alcaldesa, Verónica, a Concellería de obras agora mesmo xa está en mans de Loli Castiñeira, despois dunha organización interna que fixemos en Movemento Salceda e dentro do Goberno, pero esta obra leveina eu dende un principio e vou defendela eu.

A obra é unha obra moi sinxela, non ten dificultade, trátase de declarar de utilidade pública ou de utilidade municipal a instalación dunha manguera nova no barrio de Rega da Lama, sabedes que este barrio está un pouco repartido entre Salceda e Porriño, está no límite, hai casas en Salceda e casas en Porriño no mesmo barrio. A raíz dunhas obras que se fixeron de canalizacións de augas que fixo o Concello de Porriño, para canalizar as augas que veñen dende a rotonda do bar Volante e todo por atrás polo camiño que daba acceso á antiga Rubiera, que agora é Amazon, para canalizar todas esas augas fíxose toda canalización pola estrada ata o termo municipal de Salceda e incluso se avanzou en Salceda varios centos de metros, a obra a executou toda o Concello de Porriño. E partir de aí, como había que canalizar as augas que saían por esa tubaxe de finca de 30 cm., había que canalizada ata o rego “levada” que é o regadío que ven dende o río de Ferreira e rega toda a zona de Cerquido, para canalizar as augas ata alí. Nos comprometemos a hormigonar unha cuneta, un tramo moi pequeno sobre 100 m e canalizalas ata a “Levada”. A Comunidade de Augas de Budiño pediunos meter unha manguera nova porque a que tiñan entraba por Porriño, incluso, rompíalles continuamente, pediunos para meter esta manguera nova que cruza por debaixo do tren e estaba alí unha arqueta e aproveitaron a obra esta. A partir de aí, a partir da obra de hormigonado desta cuneta, eles queren continuar coa manguera ata dúas casas que lle quedan alí na parte alta do parque público municipal, o resalido municipal que hai alí en Rega da Lama. Este é o proxecto que eles traen aquí, fixeron comunicación previa de obra e solicitan a bonificación, que declaremos no pleno a utilidade pública para poder acceder a esa bonificación do ICIO na parte corresponde no imposto dese 95% máximo que temos aprobado aquí no pleno. Sabedes que esta obra, por suposto a pagan eles toda excepto o hormigonado da cuneta que o paga o Concello, sabedes que agora as Comunidade de augas das parroquiais teñen unha subvención municipal aprobada no orzamentos últimos que vos votastes en contra, unha



subvención de 30.000€ para as traídas de augas, ata agora axudabamos co que se podía, e agora van ter xa regrado ano tras ano unha subvención de 30.000€ aprobados nos orzamentos.

Sra. Alcaldesa: O que traemos aquí é esa bonificación 95 %, quixemos que Miguel dese explicacións do que se estaba facendo alí porque na Comisión Informativa os compañeiros do Partido Popular pediron esas explicacións, pero realmente o que aprobamos aquí é esa bonificación.

Sr. González Souto: Ides a permitirme contestar á última intervención do punto anterior. Dicides que por responsabilidade e seguridade sanitaria, entón que pasa cos outros Concellos, son uns “sinvergüenzas”? O que pasa é que saberán facer as cousas, ao mellor vós nos as sabedes facer, pero dicir “por responsabilidade”, encher a boca con esas palabras é menosprezar aos outros que intentan dar un servizo aos veciños. Mira que se pronuncia á Xunta aquí nas actas, pero para iso xa está Caballero en Vigo. Ata lle votou a culpa á de non se abren as piscinas.

En canto ao tema que nos atinxe, reducir o ICIO no 95% para esta obra ten todo o sentido, de feito é un 95, non é un 50 porque grazas á proposta do PP no seu momento incrementamos un 45% a bonificación, senón seguiría sendo un 50%. Cando dicías antes que votamos en contra, tamén es un pouco mentreiro, porque nós votamos en contra dos orzamentos, non de subvencionar as comunidade de auga.

Sra. Alcaldesa: En relación co punto anterior, o importante é que traemos a pleno a segunda fase das piscinas, a primeira xa se aprobou xa temos a financiación e oxalá logremos levar o proxecto e poder desenvolver as tres fases de rehabilitación dunhas instalacións que o precisan e que son necesarias para os nenos e nenas de Salceda. En canto a este punto, sempre estamos de acordo neste tipo de puntos temos claro que é de interese municipal esta obra, seguidamente dou lectura a proposta, seguinte:

“Visto o expediente instado por ALBERTO PEREIRO LUEIRO en representación de COMUNIDADE DE TRAI DA DE AGUAS DE SAN ESTEBAN DE BUDIÑO mediante escrito recibido en data 14.06.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RC-2823) relativos á solicitude de bonificación do 95 % da cota do do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para obra menor de apertura de gabia para colocación de tubería e sumistro de auga no barrio “Rega da Lama” en San Esteban de Budiño.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de mellorasno abastecemento de auga no barrio “Rega da Lama” en San Esteban de Budiño, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública por concorrer circunstancias de carácter social, ao tratarse dunha obra que esta destinada a mellora do servizo de abastecemento domiciliario de auga considerado servizo mínimo, de prestación obligatoria en tódolos municipios de conformidadeco artigo 26 da LBRL.



Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2021-0096 e de Tesourería núm. 2021-0059

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras menores consistentes melloras no abastecemento de auga no barrio “Rega da Lama” en San Esteban de Budiño incluídas no expediente núm. 1354/2021 a solicitude de ALBERTO PEREIRO LUEIRO en representación de COMUNIDADE DE TRAI DA DE AGUAS DE SAN ESTEBAN DE BUDIÑO mediante escrito recibido en data 14.06.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RC-2823)

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada unanimidade de votos a favor, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras menores consistentes melloras no abastecemento de auga no barrio “Rega da Lama” en San Esteban de Budiño incluídas no expediente núm. 1354/2021 a solicitude de ALBERTO PEREIRO LUEIRO en representación de COMUNIDADE DE TRAI DA DE AGUAS DE SAN ESTEBAN DE BUDIÑO mediante escrito recibido en data 14.06.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RC-2823)

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que



procedan.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm.2021-0508 de 26 de abril ata o núm. 2021-0743 de 18 de xuño.

Queda realizada a dación de conta.

Dación de conta dos Decretos de Alcaldía de reorganización do equipo de goberno.

Dase conta dos Decretos de Alcaldía núm. 2021-0730, 2021-0740, 2021-0741 e 2021-0742.

Sr. Núñez Troncoso: Boas noites, só dicir si nos poden aclarar un decreto de delegación de modificacións de área, decreto 2021-0742, asinado pola actual Alcaldesa, Verónica Touron, no Decreto dí:

“RESOLVO:

Primeiro.- Modificar as delegacións de atribucións realizadas nos membros do equipo de goberno nos seguintes termos:

Persoal, vías e obras, coordinación de proxectos e igualdade: M^a Dolores Castiñeira Alén.”

É uns párrafos máis abaixo pon: “Corresponderán á Alcaldía as áreas de persoal, igualdade e coordinación de proxectos ..” Non sabemos si esta é unha delegación compartida ou que a ex-alcaldesa non quere deixar as delegacións, a ver si nos poden aclara isto.

Sra. Alcaldesa: Debe ser un erro na transcripción do decreto, por suposto esta Alcaldesa seguirá coas áreas que levaba ata de agora que é participación veciñal, urbanismo, emprego, formación, comercio e industria e compañeira Loli Castiñeira levará as área de persoal, coordinación de proxectos, igualdade que levaba ata agora e ademais vías e obras. O rectificaremos en canto nos sexa posible.

Dación de conta dos escritos de modificación de portavoces dos grupos políticos MS e PSdG-PSOE

Queda dada conta dos escritos con núm. de rexistro 2021-E-RE-972 e 2021-E-RE-976.



C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS

Sra. Pérez Domínguez: Boas tardes noites a todos e a todas e aos veciños que nos vende as súas casas. Dado que o remate do curso 2020-2021 foi este semana e sabendo as necesidades de reforma de cada centro educativo que temos en Salceda, ROGAMOS que neste período de descanso educativo se leven a cabo as reforma que vos fan chegar cada centro e non esperar a que se deterioren máis e o gasto sexa maior, como é o caso da unitaria de Picoña, unha aula que foi pintada hai pouco máis de dous anos e na que xa hai paredes con humidades por non arranxar o tellado que tanto ven demandando a súa titora. Poño de exemplo porque tivemos recentemente a reunión de fin de curso e a titora nos comentou esa necesidade ademais de outra, e pedímolos agora precisamente para que non se fagan as obras cando non estee o curso iniciado e non pase como nas piscinas municipais que logo se poña de escusa a pandemia, grazas.

Sra. Alcaldesa: Atendemos o rogo, se ben é verdade que sempre se levan a cabo no verán todas as peticións que realizan as diferentes aulas e se ben é verdade que o tellado de Picoña temos o proxecto aprobado pero non se vai a poder realizar aínda neste verán en tanto non teñamos a financiación para ela, que será canto antes xa é a nosa prioridade e o temos marcado como prioridade número un en canto sexa posible.

A Concelleira de educación esteos días recibiu peticións e ademais está en contacto sempre con todas as direccións dos colexios e sempre se fan no verán todos eses axustes. Hai obras un pouco máis importantes como pode ser o tellado que é unha prioridade que en canto a poidamos facer se levara a cabo.

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: Respecto do procedemento simplificado de valoración colectiva, queremos saber si realmente o Concello recibiu algunha comunicación por escrito do ORAL respecto do diferimento dos atrasos por anualidades?

Sra. Pereira González: Non, non recibimos nada por escrito e precisamente esta semana volví chamarmos para reclamar esa resposta por escrito e me dixeron que aínda non constan no ORAL os ficheiros dos atrasos e por iso aínda nin nos deron unha resposta, que posiblemente iso sexa cara final de ano. Os atrasos non se van a emitir ao mesmo tempo que as liquidación da anualidade.

Sr. González Souto: En que estado están as obras da praza de abastos? Se están creando tamén algún tipo de interferencias cos usuarios, comerciantes por culpa das obras en si, ruído, po ou algo que lle conste, ou todo vai conforme ao previsto?



Sra. Alcaldesa: A obras da praza de abastos están a punto de finalizar o que é a obra subvencionada queda rematada mañá . Salvo o primeiro día que tivemos comezar nun mércores por cuestión de andamiaxe, salvo esa mañá que fixeron un pouco de ruído as obras se desenvolveron con total normalidade e sen problema ningún.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

